



## Boletín Informativo

Consellería de Educación e  
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n  
15781  
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

### IMPLANTACIÓN DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

No DOG n° 177 do mércores 12 de setembro sae publicada a orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comuni-

dade Autónoma de Galicia.  
[Acceso ao DOG.](#)



### PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

No [DOG n° 177](#) do mércores 12 de setembro sae publicada a Orde do 5 de setembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade

da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2007-2008.

[DOG n° 178](#) do xoves 13 de setembro, corrección de erros.



### NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS

No DOG n° 176 do martes 11 de setembro sae publicada a Orde do 30 de agosto de 2007 pola que se nomean funcionarios en prácticas dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas,

profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores técnicos de formación profesional os opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 10 de marzo de 2006 e

pola Orde do 9 de abril de 2007, que ocupen vacante dotada orzamentariamente.

[Acceso ao DOG](#)

### PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA INTENSIFICACIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA





No [DOG n° 177](#) do mércores 12 de setembro sae publicada a Orde do 4 de setembro de 2007 pola que se resolve a do 15 de maio de 2007 de convocatoria do Programa de promoción da intensificación da activi-

dade investigadora no sistema universitario de Galicia para o curso académico 2006-2007.



#### Contido:

Implantación da educación secundaria obrigatoria	1
Plan de mellora de bibliotecas escolares	1
Nomeamento de funcionarios en prácticas	1
Programa de promoción da intensificación da actividade investigadora	1
Documentos para o profesorado	2
Xornal educativo	2



## DOCUMENTOS PARA O PROFESORADO

Documentos de axuda para o profesorado á hora de elaborar obxectivos educativos, probas de avaliación ou contemplar distintos enfoques metodolóxicos na súa práctica docente.

[Os métodos didácticos](#)

[Obxectivos educativos](#)

[Deseño das probas de avaliación](#)



## XORNAL EDUCATIVO

Nova edición do Xornal Educativo cunha escolma dos traballos desenvolto polo noso alumnado e profesorado. Conta con máis de 160 artigos. Invítase á comunidade educativa a participar, enviando os seus traballos a [xornal@edu.xunta.es](mailto:xornal@edu.xunta.es) para

a súa publicación en próximas edicións. Como sempre, na hemeroteca podes consultar o resto dos preto de oitocentos artigos que compoñen as anteriores edicións.

[Acceso ao xornal.](#)

